



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria urxente do 14 de agosto de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D^a. M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D. Angel Rivas González.

NON ASISTEN:

D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Carlos López Font.
D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e corenta minutos do día catorce de agosto do dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(892).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(893).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS INCLUÍDOS NO “PROGRAMA SOCIO EDUCATIVO E DE APOIO FAMILIAR”. EXPTE. 150888/301.

Visto o informe de fiscalización do 14/08/18, dáse conta do informe-proposta do 14/08/18, da secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de xullo de 2018, da FUNDACIÓN ALDABA, por superar o orzamento base de licitación establecido no apartado 3.A do Anexo I- FEC (Orzamento base licitación: 2.581.689,36 euros), consonte ao previsto na cláusula 5.6 da PCAP (“As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluída”).

Segundo.- “Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301) na seguinte orden descendente:

<i>Licitador</i>	<i>Puntuación total</i>
<i>CLECE S.A.</i>	<i>90,50</i>

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acredita a habilitación profesional esixida no apartado 6.E do Anexo I- FEC.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1927,03 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



Concello de Vigo

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE S.A., o día 24 de xullo de 2018, que presenta a documentación requirida o 6 de agosto de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CLECE S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CLECE S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 21 de xuño e 3 de xullo de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CLECE S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301) por un prezo total de 2.837.995,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 257.999,60 euros, e sen que propoña ningún persoal adscrito ao servizo dos previstos non PCAP.

S.extr.urx. 14/08/18

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(894).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA SUCESIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE PROCURADOR DOS TRIBUNAIS. EXPTE.9408/111

Dáse conta do informe-proposta do 03/08/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPAC).

–Prego de cláusulas administrativas particulares do acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de Procurador dos Tribunais (PCAP).

ANTECEDENTES

Dna. Begoña Millán Iribarren, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello de data 1 de marzo de 2018, solicita autorización para a cesión do contrato do servizo de procurador dos Tribunais, do que é adxudicataria a sociedade disolta SCP BEGOÑA MILLÁN IRIBARREN PROCURADURÍA ao seu favor.

É preciso comezar realizando unha relación fáctica, por orde cronolóxico, dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 20 de novembro de 2015, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou, entre outros extremos, aprobar o expediente de contratación dos servizos de procurador dos tribunais por medio dun Acordo Marco, así como os pregos de prescricións técnicas particulares e de cláusulas administrativas particulares, autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.



Concello de Vigo

Segundo.- En data 26 de agosto de 2016, trala tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno Local, acordou a adxudicación do contrato aos seguintes licitadores:

- LOTE 1:

Paula Llordén Fernández-Cervera

Ramón Cornejo-Molins González

M. Jesús Nogueira Fos

Jesús González- Puelles Casal

- LOTE 2:

José Antonio Garrido Pardo & asociados, S.L.

Begoña Millán Iribarren Procuraduría, S.C.

Terceiro.- En data 26 de setembro de 2016, formalizouse o contrato con Begoña Millán Iribarren Procuraduría, S.C. en documento administrativo, comezando a súa execución, e en consecuencia o cómputo do prazo, en data 1 de outubro de 2016.

Cuarto.- En data 11 de xaneiro do 2018, recibíuse por correo electrónico unha comunicación de dona Begoña Millán Iribarren, na que pon de manifesto o acordo de disolución de "BEGOÑA MILLÁN IRIBARREN PROCURADURIA SCP, que consta en Acta notarial de 10 de enero de 2018. E solicita, dado que é a única procuradora da sociedade en liquidación, que se lle ceda o contrato.

Quinto.- En data 8 de febreiro de 2018, a XGL acordou "Suspende a adxudicación dos contratos derivados da adxudicación a favor de BEGOÑA MILLÁN IRIBARREN PROCURADURIA SCP do Acordo Marco (expte. 9408/111), ata que se resolva a solicitude de cesión de contrato plantexada. En tanto, non se resolva esta solicitude os contratos derivados correspondentes ao Lote nº 2 do Acordo Marco adxudicaranse en favor do outro licitador e a oficina da Asesoría Xurídica levará un control do número de procedementos para reasignar en igualdade de condicións a levanza dos procedementos en favor desta procuradora, unha vez se resolva a súa solicitude, e se resulta favorable ao pretendido."

Sexto.- En data 3 de agosto de 2018, a Sra. Millán, presenta no Rexistro Xeral deste Concello a documentación acreditativa da súa solvencia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable á sucesión

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta sucesión. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real

Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

Da sucesión do contrato e requisitos da mesma

A sra. Iribarren solicita a cesión do contrato celebrado polo Concello coa Sociedade titular ó seu favor, por canto era a única procuradora da sociedade.

A cesión dun contrato implica unha novación subxectiva dunha das partes do contrato, o contratista, que é substituído por un terceiro que se subroga na súa posición xurídica. Este terceiro, cesionario, quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que correspondesen ao contratista ou cedente.

Tratase dun negocio privado entre dous empresarios, sexan persoas físicas ou xurídicas, polo cal un substitúe ó outro no cumprimento dun contrato, se ben, para a súa validez necesita do concurso da vontade da Administración contratante.

No entanto, o caso que nos ocupa encaixa máis no suposto de sucesión contractual que de cesión do contrato por canto o contratista é unha sociedade civil privada cuxo único obxecto era o exercicio da Procuradoría pola solicitante. Dado que a sociedade está en liquidación e a sucede a sra. Iribarren, o lóxico é que continúe o contrato coa mesma.

O TRLCSP regula a sucesión no artigo 85 se ben so contempla os casos de operacións societarias tales como a fusión, a escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade destas. Para estes casos, dispón o citado artigo, que continuará o contrato coa entidade á que se atribúa o contrato, que será subrogada nos dereitos e obrigas derivadas do mesmo. Se ben esixe como requisitos:

- Que o beneficiario da sucesión teña a solvencia esixida para a adxudicación.
- Que o beneficiario asuma a responsabilidade solidaria da execución do contrato xunto co adxudicatario inicial.

Comprobada a documentación achegada, quedan acreditados os requisitos de capacidade xurídica e de obrar, e a solvencia da solicitante para subrogarse na posición do adxudicatario no presente contrato, así como que esta o corrente das súas obrigas fiscais e tributarias coas diferentes administracións territoriais e coa Seguridade Social.

Podemos concluír que, dado que non existen impedimentos a que se opere a sucesión no seno do contrato que nos ocupa, procedería outorgar a autorización solicitada. Pois, tal e como establece a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación en materia de cesión, pero que en opinión da que subscribe sería aplicable a este suposto por canto se esixe o mesmo requisito da solvencia do beneficiario, "el control de los requisitos enunciados se lleva a cabo a través de la preceptiva autorización previa y expresa del órgano de contratación. Como ha señalado desde ya hace tiempo el Consejo de Estado (Dictamen 36898/1970, de 9 de julio), «dicha autorización debe entenderse no como un nuevo otorgamiento discrecional, sino como un mero control de la regularidad de la transmisión», de lo cual se infiere un cierto carácter reglado en el otorgamiento de la autorización, sin perjuicio del matiz discrecional que implica la



Concello de Vigo

valoración de las cualidades técnicas y personales del cedente como determinantes, o no, de la adjudicación del contrato. En cualquier caso, la autorización del órgano de contratación reviste carácter preceptivo, sin la cual la cesión (insistimos, que es un negocio privado entre empresas) carece de efectos jurídicos frente a la Administración. En consecuencia, la respuesta de la Administración a la cesión contractual solo podrá ser negativa si, de forma motivada, se argumenta que el cesionario no acredita la solvencia y capacidad adecuadas para sustituir al contratista originario” (Acordo 59/2013, de 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón).

-III-

Formalización do acordo de sucesión do contrato

Outorgada a autorización para que se opere a sucesión, para que esta se perfeccione e produza efectos xurídicos é preciso que se formalice. Dado que a lei non esixe ningún requisito formal específico para a mesma, é suficiente co documento administrativo, tal e como establece con carácter xeral o artigo 156 do TRLCSP.

Consecuentemente, o presente acordo sometese á condición suspensiva de formalización da sucesión.

-IV-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

No presente caso non é preceptivo o informe da Asesoría Xurídica nin a fiscalización da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), ó non comportar gasto para a Administración municipal. Neste senso pronuncíase a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no seu informe 24/1996, con relación a cesión de contratos, se ben, a xuízo da informante é aplicable tamén a sucesión. O citado informe determina que non é necesaria a fiscalización previa xa que a cesión non orixina para a Administración ningunha obriga que non estea xa contemplada no contrato cedido. Criterio seguido tamén polo Acordo 59/2013, de 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón

No entanto, tendo en conta que a actuación da Intervención resulta necesaria para axustar os documentos contables á nova situación, parece aconsellable darlle traslado previo da presente proposta ós efectos oportunos.

Resulta necesario a si mesmo, dar traslado do presente acordo ao servizo xestor do expediente, Asesoría Xurídica.

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de

S.extr.urx. 14/08/18

contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Autorizar a sucesión no lote 2 do contrato dos servizos de procurador dos tribunais, adxudicado a BEGOÑA MILLÁN IRIBARREN PROCURADURIA SCP, por resolución da Xunta de Goberno Local de 26 de agosto de 2016, á favor de Dna. BEGOÑA MILLÁN IRIBARREN, subrogándose en todos os dereitos e obrigas derivados do contrato .

2º.- A sucesión quedará condicionada á formalización da mesma en documento administrativo, sen a cal carecerá de efectos.

3º.- Unha vez que se formalice a sucesión levantarase a suspensión da adxudicación dos contratos derivados da adxudicación a favor de BEGOÑA MILLÁN IRIBARREN PROCURADURIA SCP do Acordo Marco, acordada por este órgano en data 8 de febreiro de 2018.

4º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Xeral e a Asesoría Xurídica”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(895).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO DECORATIVO DE ILUMINACIÓN E SUBMINISTRO DOS ELEMENTOS DECORATIVOS, ASÍ COMO O SERVIZO DE INSTALACIÓN, MANTEMENTO E DESMONTE DOS ELEMENTOS LUMÍNICOS ORNAMENTAIS NAS CAMPAÑAS DO NADAL 2018-2019, 2019-2020 E 2020-2021. EXPTE. 5480/106.

Visto o informe de fiscalización do 14/08/18, dáse conta do informe-proposta do 14/08/18, da secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmante dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de agosto de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmante dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	89,02 puntos
CREACIONES LUMINOSAS, S.L.	83,00 puntos

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP (“documentación expedida pola Delegación de Industria de estar en posesión do Certificado de Empresa Instaladora de equipos e instalacións eléctricas”).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., o día 9 de agosto de 2018, que presenta a documentación requirida ao día seguinte, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 20 de xullo e 2 de agosto de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. o procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 2.474.614,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 429.478,56 euros.*
- b) *Comprométese a achegar as seguintes melloras:*



Concello de Vigo

1. *Incrementa o número de arcos en relacións cos incluídos no anexo II do PPT na cantidade de 60 unidades e coa seguinte distribución:*
 - 46 ARC 06
 - 14 ARC 08
 2. *Incrementa o número de motivos en relación cos incluídos no anexo II do PPT na cantidade de 130 e coa seguinte distribución:*
 - 118 MOT-09
 - 12 MOT-49
 3. *Instalación dos seguintes elementos complementarios para o acto do acendido da iluminación do Nadal:*
 - equipo de son
 - equipo audiovisual
 - equipo de iluminación escenario
 - outros
 4. *Incrementa o stock de seguridade esixida no prego nun 5%.*
 5. *Comprométese á colocación de rótulos luminosos a catro caras na parte alta da torre da Casa do Concello de Vigo, sendo a superficie a iluminar de 108m².*
 6. *Iluminación en árbores ou elementos naturais existentes distribuídos en distintos puntos da cidade: 10 unidades.*
- c) *Achega certificado de calidade ISO 9001 e certificado de calidade ambiental 14001.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(896).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SUBMINISTROS E SERVIZOS DE INSTALACIÓN DUN POBOADO DE MONTAÑA DURANTE AS CAMPAÑAS DO NADAL. EXPTE. 5748/106.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10/08/18 e o informe de fiscalización do 14/08/18, dáse conta do informe-proposta do 10/08/18, da técnica de Admon. Xeral do Servizo de Comercio, conformado polo concelleiro-delegado de Área, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En datas 11/07/2018 e 12/07/2018, o xefe do Servizo de Comercio e o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos asinan informe xustificativo da necesidade e idoneidade para instalar un poboado de montaña durante as campañas de Nadal.

2.- Mediante resolución de inicio de expediente de contratación de data 12/07/2018, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos acorda iniciar o expediente de contratación para a instalación dun poboado de montaña durante as campañas de Nadal.

3.- Con data de entrada no Rexistro web do Concello de Vigo 12/07/2018, preséntase proxecto técnico redactado polo arquitecto Marcos Mosquera Arjona. Dito proxecto informouse favorablemente polo arquitecto municipal en data 13/07/2018 e polo xefe da Área de Servizos Xerais na data 13/07/2018 (expediente 5425/106).

Consta escrito presentado por Marcos Mosquera Arjona (doc n.º 180105738) no que acepta a exclusión solicitada por parte do Concello, renunciando a participar da licitación para a contratación por procedemento aberto da instalación do pobado do Nadal durante as campañas do Nadal 2018-2019, por haber participado na redacción do Proyecto decorativo "POBOADO DE MONTAÑA DO NADAL

4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 13/07/2018 asínase polo xefe da Área de Servizos Xerais, de conformidade coa instrución de servizo da Área de Xestión Municipal de data 09/01/2018 do Concelleiro de Orzamentos e Facenda (expediente 5271/106).

5.- A Memoria xustificativa de data 09/08/2018 se asina polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos de data 09/08/2018.

6.- En data 02/08/2018, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares se asina pola xefa do Servizo de Contratación en data 09/08/2018.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos mediante resolución de data 12/07/2018 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 18 da LCSP, se tramita como un contrato mixto, de servizos e subministro, o cal atendendo a que o servizo ten unha incidencia aproximada no orzamento total do contrato dun 48,6 % do custe mentres que os procesos derivados da subministración estímase nun 51,40 % do custe total do contrato, a súa preparación e adxudicación se rexerá polo réxime xurídico previsto para o contrato de subministro.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP) e, o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado e, a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, 131.2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é inferior a 100.000 euros e, a ponderación dos criterios de adxudicación evaluables mediante xuízo de valor non superan o vinte e cinco por cento do total.

Así mesmo, consonte ao artigo 70 da LCSP, exclúese ao redactor do proxecto decorativo en aras de garantir o cumprimento do principio de igualdade de trato.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato mixto de servizo de instalación dun poboado de montaña con temática do Nadal así como a subministración en réxime de aluguer dos elementos necesarios e, a súa iluminación, mantemento, transporte e desmorte durante as campañas de Nadal, segundo as condicións especificadas no prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 13 de xullo de 2018, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 9 de agosto de 2018.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **80.600,48 €**, que inclúe un IVE de 13.988,52 euros, desde o 21 de novembro de 2018 ata o 10 de xaneiro de 2020, o cal se imputará a partida 4310.2279901 "Plan de dinamización do comercio".

Ano	Período	Importe
2018	21 de novembro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018	32.240,192 €
2019	1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019	40.300,24 euros
2020	1 de xaneiro de 2020 ata 10 de xaneiro de 2020	8.060,048 euros

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

6(897).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2018. EPXTE. 7144/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31/07/18 e o informe de fiscalización do 10/08/18, dáse conta do informe-proposta do 24/07/18, asinado pola a técnica de Actividades Turísticas, e conformado pola concelleira-delegada de Área de Festas e Turismo e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data do Rexistro Xeral 16 de xullo de 2018, a Fundación Vigo Convention Bureau (en adiante, FVCB) presenta escrito de solicitude (Nº Doc. 180113548) do primeiro pago da transferencia de financiamento para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes a presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, por importe de 250.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 (Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ANTECEDENTES.-

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego. A FVCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións a que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

-Dotación inicial.

-As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidirase por parte do Padroado.

-Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.

-Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.

-Os rendementos do seu patrimonio.

-Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.

S.extr.urx. 14/08/18

-Os créditos e prestamos que lle sexan concedidos.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos con esta actividade.

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15, aprobou na reunión do padroado de data 29 de xuño de 2018 aprobou o Anexo I. Memoria e orzamento do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2018.

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no ámbito das súas competencias.

A FVCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a FVCB de continuidade a unha serie de accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía, fundamentais no proceso de presentación da candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2018.

Esta actuación non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación puntual. Doutra banda o carácter unitario e participativo da FVCB de todo o sector turístico de Vigo aconsella que a difusión e promoción da candidatura se realice a través de este ente no que participa o Concello de Vigo.

A obtención da declaración das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade suporía para a cidade o recoñecemento dese recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

DOCUMENTACIÓN.-

A FVCB presenta a documentación relativa ao expediente de transferencia, que está integrada pola seguinte documentación:

- Anexo I. Memoria e orzamento do proxecto de de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2018.

Revisada a memoria que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2018, no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fins fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

Dita memoria, contén o plan de actuación que cumpre co disposto no artigo 15.2.d dos Estatutos " corresponde ao Padroado aprobar o plan de actuación".

O Servizo de Turismo adxunta os seguintes certificados xa aportados pola FVCB:

-Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.

-Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.

- Certificado de estar ao corrente de pagos con Facenda.



Concello de Vigo

- Certificado de estar ao corrente co Concello de Vigo.
- Certificación da conta bancaria.

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB E LEXISLACIÓN APLICABLE.-

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

O Decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados de data 19 de xuño de 2015, establece na Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo, entre outras, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración.

De acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma.

Ata o ano 2017, a xestión da colaboración do Concello de Vigo coa FVCB para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", viñan desenvolvéndose da cordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia por unha subvención nominativa, enmarcado nun convenio de colaboración, no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención.

A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 " No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública".

Á vista do informe do servizo de Intervención de data de 9 de febreiro de 2018 (expte.6936-104) de transferencia de financiamento do Concello de Vigo á FVCB para o seu funcionamento durante o exercicio 2018, no que alude ao Convenio Cíes 2018 como: "A estimación dos ingresos que presenta a FVCB inclúe o concepto Convenio 250.000,00€, o servizo xestor na súa execución debe considerar o disposto no artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións."

Polo exposto, a fórmula de subvención nominativa substitúese pola de transferencia de financiamento non suxeita a Lei xeral de subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos e as obrigas das partes que establecerase a través dun convenio de colaboración, que recolle os contidos mínimos esixidos para a concesión desta transferencia do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público. A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal, así como a actividade de FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral.

A maiores e toda vez que entre en vigor o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor, segundo informe do servizo de Intervención de data 9 de febreiro de 2018 (Expte 6936-104).

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, queda facultada a Concelleira Delegada da área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio.

PROPONSE.-

1º.- Que se aprobe o texto do **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS "ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE" DURANTE O ANO 2018.**

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 250.000,00€ (dous centos cincuenta mil euros), en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 (Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS "ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE" DURANTE O ANO 2018. (EXPTE 7144-104)

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaoto.

REÚNENSE

A Concellería de Festas e Turismo (en adiante CONCELLERÍA) no seu nome e representación D^a. Ana Laura Iglesias González en virtude do seu cargo de Concelleira-delegada da área de Festas e Turismo do Concello de Vigo, con enderezo na Praza do Rei N^o1, CP. 36202,(CIF



Concello de Vigo

P3605700H), para o que foi nomeada polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos o 19 de xuño de 2015, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo.

Doutra parte, D^a. Belen Vallina González, na súa condición de Directora Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB) con CIF G27722883, con enderezo social na rúa Cánovas del Castillo 3, Estación Marítima de Ría – local 2

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **FVCB** é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

O fin da FVCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes para a cidade de Vigo.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas coas actividades turísticas.

-Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa transcendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.

-Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e proveedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.

-Producir e distribuir a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de eventos.

-Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.

-Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.

-Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15 dos Estatutos de Fundación, aprobou na reunión do padroado de data 29 de xuño de 2018, punto 6: Convenio Illas Cíes 2018, o Anexo I, Memoria e orzamento do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2018, que recolle o seu plan de traballo para o vixente ano.

II.- Que o **Concello de Vigo** de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

III.- Que o **Concello de Vigo e a FVCB** veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidades dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuación que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo.

IV.- Que o **Concello de Vigo** esta interesado en continuar os trámites conducentes á difusión das accións de promoción para á presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” iniciados no ano 2015.

A UNESCO, Organización das Nación Unidas para a Cultura, Ciencia e Educación, concede a través dun programa específico fundado pola Convención sobre a Protección do Patrimonio Cultural e Natural, o título de Patrimonio da Humanidade a sitios específicos do planeta de excepcional importancia cultura ou natural previamente nomeados e confirmados para a súa inclusión na lista elaborada polo Programa Patrimonio da Humanidade, a cal, alén do recoñecemento unha excepcional visibilidade, permite acompañar o desenvolvemento da “marca cidade” ou “destino turístico”.

Ata a data en Galicia foron declarados Patrimonio da Humanidade, a cidade Vella de Santiago de Compostela, o Camiño de Santiago, a Torre de Hércules e a Muralla Romana de Lugo.

A inclusión na lista de Patrimonio da Humanidade implica que recurso proposto teña un “sobresaliente valor universal”. Tal inclusión esixe que satisfaga polo menos un dos dez criterios de selección. No caso que nos ocupa as Illas Cíes cumpren cos apartados 7, 9 e 10 do decálogo:



Concello de Vigo

- Conter fenómenos naturais superlativos ou áreas de excepcional beleza natural e importancia estética
- Ser un dos exemplos eminentes de procesos ecolóxicos e biolóxicos no curso da evolución dos ecosistemas.
- Conter os hábitats naturais máis representativos e máis importantes para a conservación da biodiversidade, incluíndo aqueles que conteñen especies ameazadas de destacado valor universal desde o punto de vista da ciencia e o conservacionismo.

V.- Que a **FVCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, para continuar as actuacións de difusión conducentes á posta en marcha da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, así como todas aquelas funcións de promoción para a consecución da mesma.

A obtención da declaración das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” suporía para o turismo de Vigo e para a FVCB o recoñecemento dun recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

VI.- Que o **Concello de Vigo** no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.4800000 prevé un convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, polo importe de 250.000,00 € (dous centos cincuenta mil euros).

VII.- Que o **Concello de Vigo** desenvolveu nos últimos anos, o Plan de Competitividade de produto Turístico “Turismo Urbano e de Ría” (PCPT Vigo) co obxecto, entre outros, de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, aumentar os ingresos e rentabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

O PCPT Vigo “Turismo urbano e de Ría” desenvolveu un significativo número de programas e produtos turísticos, segmentado e con grande capacidade de comercialización entre os que de xeito destacado se atopan a Ría de Vigo e as Illas Cíes.

As Illas Cíes son o recurso turístico por excelencia da cidade de Vigo, segundo recurso turístico máis visitado de Galicia, polo que precisan da xestión adecuada para a posta en marcha de accións conducentes á difusión da candidatura “Illa Cíes Patrimonio da Humanidade”, así como aquelas de promoción da mesma.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a FVCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración durante o ano 2018.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio consiste en dar continuidade a unha serie de accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía, fundamentais no proceso de presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2018, recollidos no Anexo I.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.

A FVCB, comprométese a colaborar coa CONCELLERÍA, para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, o período establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será o ano 2018, conforme co programa recollido no Anexo I, e concretamente ao desenvolvemento das seguintes actuacións:

1.- Levar a cabo a continuidade das accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía sobre o proceso da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”.

2.- Dar continuidade as actividades de promoción das Illas Cíes necesarias para a concienciación previa á posta en marcha da obtención da declaración.

3.- Dotar do material e equipamento adecuado para conseguir os obxectivos do programas.

4.- Desenvolvemento das accións de difusión da potencial candidatura, tanto en medios físicos como en redes sociais.

5.- Asumir todos os custos directos e indirectos que se deriven do desenvolvemento das actividades.

6.- Establecer a través de recursos propios ou externos o asesoramento e xestión das necesidades vencelladas coas tarefas descritas.

7.- Comunicar á Concelleira-delegada da área de Festas e Turismo calquera modificación que se produza no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia de financiamento previsto neste convenio.

8.-A FVCB deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia.

9.- Antes de conceder o pago a FVCB deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA

A CONCELLERÍA comprométese a xestionar o pagamento á FVCB, para continuar coa execución e desenvolvemento das accións de difusión e promoción do proxecto de candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2018, polo importe de 250.000,00€ (douscentos cincuenta mil euros).



Concello de Vigo

CUARTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS APORTACIÓNS.

Esta transferencia de financiamento será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FVCB deberá comunicar á CONCELLERÍA a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien esta actividade. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondo recibidos.

QUINTA.- PAGAMENTO DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO

O pagamento da cantidade recollida neste convenio efectuarase en tres pagos,

- O primeiro pago será polo importe de 125.000,00 € (cento vinte e cinco mil euros) o 50% do importe do convenio, que farase efectivo á sinatura do convenio.

- O segundo pago por importe de 62.500,00 € (sesenta e dous mil cincocentos euros) o 25% do importe do convenio, que farase efectivo na 1ª quincena de setembro.

- O terceiro pago por importe restante, 62.500,00 € (sesenta e dous mil cincocentos euros) o 25% do importe do convenio, que farase efectivo na 1ª quincena de novembro.

A FVCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións as que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta con número de IBAN ES8720805000683040324245 da Entidade Bancaria ABANCA, con cargo a aplicación presupostaria 4320.4800000 Convenio xestión "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" polo importe total de 250.000 € (douscentos cincuenta mil euros)

SEXTA.- REDUCIÓN DA ACTUACIÓN.

Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da actividade ou se reducisen na execución da actividade as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da transferencia na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

SÉTIMA.- PUBLICIDADE.

A FVCB debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do Concello de Vigo e da FVCB, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa da CONCELLERÍA.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN.

1.-A FVCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se concedeu a transferencia de financiamento. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria parcial de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente transferencia, con indicación das actividades desenvolvidas durante o ano 2018 dentro do programa obxecto do primeiro pago, debe presentarse coa solicitude do segundo pago. A memoria parcial de actuación xustificativa do segundo pago, deberán entregarse xunto coa solicitude do terceiro pago.

A memoria parcial de actuación xustificativa de terceiro pago deberá entregarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2018.

As memorias parciais de actuación deberán conter os datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria parcial económica xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2018 deberá presentarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2018.

A memoria económica final deberán conter un balance económico de gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, e copias compulsadas das facturas.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas , no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencias de financiamento.

2.- A FVCB deberá achegar electrónicamente, as xustificacións, **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica

NOVENA.- CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

O cumprimento da finalidade que determinou a concesión da transferencia deberá ser a axeitada á xustificación da mesma, que será comprobados pola CONCELLERÍA, a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade.

A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

As actividades, servizos ou produtos ofertado ao público no marco do programa de actividades que conforma o Anexo I, poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.). A tal efecto, a FVCB deberá expor durante a celebración da actividade nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ao público.

DÉCIMA.- VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2018 e non será prorrogábel.



Concello de Vigo

DÉCIMO PRIMEIRA.- CONTROVERSIAS

A Concelleira Delegada da área de Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforman o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

De acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma.

O Decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados de data 19 de xuño de 2015, establece na Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo, entre outras, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración.

DÉCIMO CUARTA.- XESTIÓN DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB.

Ata o ano 2017, a xestión da colaboración do Concello de Vigo coa FVCB para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", viñan desenvolvéndose da cordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia por unha subvención nominativa, enmarcado nun convenio de colaboración, no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención.

A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 " No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública".

Á vista do informe do servizo de Intervención de data de 9 de febreiro de 2018 (expte.6936-104) de transferencia de financiamento do Concello de Vigo á FVCB para o seu funcionamento durante o exercicio 2018, no que alude ao "Convenio Cíes 2018: A estimación dos ingresos que presenta a FVCB inclúe o concepto Convenio 250.000,00€, o servizo xestor na súa execución debe considerar o disposto no artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións.

S.extr.urx. 14/08/18

Polo exposto, a fórmula de subvención nominativa substitúese pola de transferencia de financiamento non suxeita a Lei xeral de subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos e as obrigas das partes que establecerase a través dun convenio de colaboración, que recolle os contidos mínimos esixidos para a concesión desta transferencia do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público. A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal, así como a actividade de FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral.

A maiores e toda vez que entre en vigor o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

A Concelleira Delegada da Área de
Festas e Turismo
Ana Laura Iglesias González

A Xerente da Fundación
Vigo Convention Bureau
Belen Vallina González

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez